



O Camiño Portugués convértese no principal motor económico de Caldas de Reis

Os orzamentos 2020 do
Presidente Feijóo para Caldas
só se poden cualificar dun
xeito: "HISTÓRICOS"

· A Vía Verde que unirá
· Caldas con Portas e
· Vilagarcía é posible grazas
· ao compromiso da Xunta



Un compromiso “histórico” para o futuro de Caldas

O Partido Popular de Caldas de Reis, valora os Orzamentos 2020 do goberno de Feijoo coma “históricos” para Caldas de Reis, grazas ás seguintes inversións:

- **A construción do novo Centro de Saúde.** Contempla unha primeira partida de 200.000 euros para este 2020, que forma parte dun investimento plurianual moito máis amplo.

Remata así a demagogia do BNG e o PSOE de Caldas sobre este tema, xa que a primeira vez que se remitiu unha proposta sería de terreos, a Xunta concedeu partida orzamentaria para comezar urxentemente. A responsabilidade é agora do alcalde na cesión definitiva dos terreos. O compromiso do Servizo Galego de Saúde coa Sanidade Pública e de calidade é clara e soluciona unha necesidade imperiosa en Caldas, pendente desde o bipartito da Xunta, que nunca mirou por un concello tamén gobernado polo PSOE-BNG.

- **Posta en marcha da ampliación do IES Aquis Celenis con implantación de módulos de FP.**

A Xunta inclúe unha importante partida orzamentaria bianual de 1.400.000 euros. A conselleira de Educación, Carmen Pomar, comprometeuse con este investimento, que o alcalde nunca solicitara. Este investimento “prioritario” está agora pendente de que o goberno local poña os terreos a disposición da Xunta de maneira inmediata.

- **Dotación dunha partida de 50.000 euros para actuacións no Camiño Portugués, no tramo de Caldas de Reis.**

- **Investimentos no monte de utilidade pública propiedade da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa, por importe de 50.000 euros,** xestión realizada polo PP de Caldas.
- **Preto dun millón de euros** para investir en Caldas neste 2020, **máis 1,35 millóns** xa establecidos para o 2021 no **Instituto**.

Caldas ve así cumpridos, grazas á Xunta, os dous proxectos máis demandados pola veciñanza: O novo Centro de Saúde e o Instituto de Bacharelato. Por iso, estes son uns “orzamentos históricos” para a vila.

O goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular cumpre os seus compromisos, sen mirar que partido político goberna en Caldas de Reis, e faino pensando nos veciños, que foi sempre a maneira de actuar dos gobernos do Presidente Feijoo.



O goberno da Xunta, sempre ó carón dos caldenses

Nestes 11 anos de gobernos do Presidente Feijóo o noso concello fixo realidade proxectos vitais para os veciños:

- **Reforma completa da estrada PO-221 Caldas-Moraña**, unha obra cun orzamento de 5,4 millóns de euros (2012).
- **Axuda de emerxencia para a rehabilitación e aforro enerxético** da casa consistorial da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa de máis de 30.000 euros, (novembro de 2019).
- **Concentración parcelaria parroquia de Godos**, cun orzamento de 2,5 millóns de euros, (iniciada en 2011).
- **Rescate económico da planta de Clesa** coa compra por parte de Acolat, na que todas as forzas políticas de Caldas traballamos xuntos, pero que tivo ó conselleiro Javier Guerra e ó goberno de Feijóo como peza fundamental. Xesgalicia habilitou entón un préstamo de 3,2 millóns de euros e o Igape un aval de 2,5 millóns € (Outubro 2012).
- **Nova captación e depósito da ETAP**, cun orzamento de 682.558 € (2011).
- **Saneamento en Arcos da Condesa**, cun orzamento de 490.000 euros (2011).



Benvidos a un novo concepto de formación

A Xunta de Galicia aposta decididamente pola Educación e a formación, coa conselleira Carmen Pomar á cabeza. O proceso de ampliación do IES Plurilingüe Aquis Celenis e a implementación de módulos de Formación Profesional é xa unha realidade. O mesmo

ocorre coa ambiciosa reforma do CPI Plurilingüe Alfonso VII, a máis grande dende a súa inauguración (1973), cun investimento de máis de 630.000 euros. A isto hai que engadir as actuacións no CEIP Plurilingüe San Clemente e nas Escolas Infantís.



A conselleira de Política Social Fabiola García tamén impulsa a Educación e os Servizos Sociais de Caldas, tanto nas dotacións económicas directas ó Concello para os servizos asistenciais (Axuda no Fogar, Centro de Información á Muller, Servizos ós maiores, auxilio

económico ás familias...) como na dotación asistencial ó Asilo de Anciáns, o mantemento (sen copago) e a reforma integral do Centro Ocupacional O Sair no que no ano 2019 se investiron 500.000 euros: o maior investimento levado a cabo dende a súa construción.





A vindeira lexislatura clave para Caldas de Reis

Caldas de Reis quiere seguir contando con un goberno do Presidente Feijóo na Xunta para rematar proxectos que están comezando ou nos que se leva tempo traballando:

- Remate da **Vía Verde Portas-Caldas-Vilagarcía**.
- **Rehabilitación integral e posta en marcha da EDAR de Paradivas**, a súa conservación era unha responsabilidade exclusiva do Concello, pero debido o seu absoluto abandono no estaba operativa, co cal foi asumido pola Xunta con investimento de máis de 30.000 euros para mellorar os servicios e a calidade de vida dos veciños.
- Diversas melloras e **actuacións no Camiño portugués a Santiago**.
- Remate das **concentracións parcelarias de Sair e Godos** e posta en marcha da parcelaria de **Bemil**.
- Cofinanciación de proxectos de **saneamento** urxentes en diversos lugares do municipio.
- Importantes actuacións de **melloras dos nosos ríos e eliminación das especies invasoras** do tramo urbano do río Umia.
- Materialización de **axudas económicas a asociacións** e comunidades de usuarios para a mellora de equipamentos veciñais.

Caldas de Reis ten exemplos de sobra do compromiso dos gobernos de Alberto Núñez Feijóo cos seus veciños, investindo en pilares fundamentais como Servizos Sociais, Sanidade, Educación, Infraestruturas, Cultura, Medio Rural ou Turismo, e apoiando con subvencións ós emprendedores

(rehabilitacións, proxectos empresariais, mellora da competitividade...), sen mirar que partido político goberna o Concello, pensando só no conxunto dos galegos e das galegas.



Apoio ao rural galego

A Xunta destinará 41 millóns de euros en 2020 para seguir impulsado o rural a través da mellora das explotacións agrarias, da remuda xeracional e do apoio a pequenas explotacións.

Para que vivir no rural non sexa unha desvantaxe, o Goberno galego está levando investimentos para:

- Mellorar as estradas e favorecer a vertebración.
- Novas formas de mobilidade, como o transporte a demanda ou compartido co escolar.
- Máis servizos: posta en marcha das casas niño e das casas do maior nos concellos de menos de 5.000 habitantes.
- Menos impostos e máis apoio ao acceso á vivenda: no rural galego non se paga por comprar, vender ou permutar. Máis de 300.000 galegos se beneficiaron destas políticas de impostos cero no rural, que non existen en ningunha outra comunidade de España.
- A Xunta recuperará e porá en valor unha media anual de 10 mil hectáreas agrarias.

Máis medios para conciliar

Galicia será a primeira autonomía en ter unha Lei de Impulso Demográfico. Que significa? Investir 800 millóns anuais para facer de Galicia o mellor lugar para as familias, para que conten con máis facilidades que en ningunha outra parte.

GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍNS

Case 5.000 familias da provincia deixarán de pagar a partir de abril polas escolas infantís da Xunta para os seus segundos fillos e sucesivos.

TARXETA BENVIDA

Se amplía ata os 4 anos para as familias especialmente vulnerables.

Aumenta un 25% a contía da axuda para as familias que viven en concellos de menos de 5.000 habitantes.

Duplicase a cantidade que reciben as familias polo seu terceiro fillo e sucesivos durante o primeiro ano, ata acadar os 2.400 euros anuais.

Menos impostos

Galicia vén apostando nos últimos anos polas baixadas de impostos, co obxectivo de que o crecemento económico siga trasladándose aos fogares e ás empresas galegas. E no ano 2020 seguiremos por esa liña, fronte a outras comunidades que prefiren subir impostos.

Baixamos o imposto de sucesións:

- O 99,9% do galegos xa non pagarán o imposto de Sucesións cando herden dun familiar directo.
- Galicia consolidarase entre as CC.AA. con menor tributación de toda España.

Baixamos o imposto para a compra de vivenda no rural, para que case 3.500 parroquias galegas teñan a menor tributación de toda España: do 7% ao 5% para a vivenda habitual

e do 10% ao 6% no resto de compras de vivenda.

Tamén **facilitamos a sucesión das empresas familiares**, que son empresas creadoras de emprego e que teñen unha gran importancia na nosa economía.

E poñemos en marcha unha novidosa **'dedución verde' no IRPF**, para fomentar as actuacións de eficiencia enerxética nas vivendas galegas.

Ademais, en 2020 manteremos todas as **rebaixas de impostos xa aprobadas** en anos anteriores, como por exemplo o pioneiro "Programa de Impostos Cero no rural", que ten por finalidade mobilizar as terras rústicas e fixar poboación no medio rural.

Caldas perde a oportunidade de contar cun servizo de emerxencias porque o Goberno local prioriza a estratexia política e de partido aos intereses dos veciños



O voceiro local do Partido Popular, Fernando Pérez, lamenta que “perdemos a oportunidade de ter un servizo de emerxencias en Caldas, onde os primeiros beneficiados ían ser os veciños deste concello, simplemente porque o Goberno local prioriza a estratexia política e de partido aos intereses dos veciños”.

Hai que recordar que a proposta de que Caldas fose sede do GES despois da renuncia de Valga foi aprobada por unanimidade pola comisión de seguimento dos GES, da que forman parte Xunta, Deputación e concellos, e finalmente foi o goberno local do PSOE quen renunciou.

Polo tanto, as acusacións de partidismo vertidas polo PSOE desde a Deputación e os con-

cellos carecen de fundamento. Os concellos do PSOE non querían o GES, tal e como demostrou Caldas.

Pérez recorda que o concello só tería que facerse cargo de 21 mil euros anuais para ser sede dun GES formado por doce persoas, 10 mil máis do que anualmente destina o Concello de Caldas para a canceira da Deputación de Pontevedra.

Por último, destaca que as competencias en emerxencias nos concellos de menos de 20 mil habitantes recaen na Deputación de Pontevedra, e ata o de agora os gobernos do PSOE non fixeron máis que ofrecer excusas e non solución. As solucións chegaron da man de gobernos do Partido Popular.

O recibo do lixo baixa un 10% grazas ás medidas da Xunta

A Xunta rebaixa nos anos 2019 e 2020 un 10% o canon do tratamento de residuos domésticos, e obriga ao Concello de Caldas de Reis a que rebaixe nese mesmo importe a taxa municipal de recollida de lixo que lles cobra aos veciños.



Caldas avanza para seguir facendo Camiño

Nos primeiros anos da década dos 90, un goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia decidiu apostar pola dinamización e potenciación dos Camiños de Santiago, e se implicou no Ano Santo 1993 como punto de inflexión. Hoxe en día está sendo algo moi superior ó que podían pensar os máis optimistas. No 1992 chegaban a Santiago 9.764 peregrinos; en 1993 chegaron 99.436 e no pasado 2018 chegaron 327.378.

Esta decisión provocou unha nova fonte de riqueza nos pobos dos Camiños, e Caldas de Reis foi un dos concellos máis beneficiados, tanto directa como indirectamente.

Directamente porque o turismo deixa riqueza, xera emprego e potencia un sector fundamental como o hostaleiro.

E indirectamente porque esa presenza no Camiño nos permite:

- Desfrutar dun **ARI (Área de Rehabilitación Integral)** que financia a Xunta de Galicia e o Goberno de España, con importantes axudas a fondo perdido para

os veciños e o Concello destinadas a labores de rehabilitación e posta en valor do casco histórico.

- Dispoñer dun novo **ARI específico** para as vivendas das parroquias do Camiño de Santiago, financiado pola Xunta.
- Acceder a importantes axudas a fondo perdido dos fondos FEDER por medio de Agader para a construción de novos **establecementos hostaleiros e prazas de aloxamento de calidade media/alta**.
- A implicación da Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia no apoio á **formación e profesionalización no sector hostaleiro**.
- A **dinamización cultural** de Caldas de Reis ó estar incluída na programación cultural autonómica para os pobos do Camiño.
- O apoio económico da Xunta de Galicia ó **Festival Portamérica**.
- Optar a **subvencións para asociacións, colectivos e Comunidades de Augas**.